


‘CADROS DUNHA EXPOSICIÓN’, PREMIO DA I GALA DO LIBRO





[Paz Castro, de Kalandraka, co ilustrador Xosé Cobas]

O xurado que premiou “[Cadros dunha exposición](#)” como Mellor Libro Ilustrado de 2015 na [I Gala do Libro Galego](#) valorou a obra “*polo seu lirismo e a coherencia gráfico-textual coa elegancia da ilustración*”. O seu ilustrador, [Xosé Cobas](#), recolleu o galardón destacando que “Cadros dunha exposición” supuxo un reto na súa traxectoria artística: era a primeira vez que ilustraba un libro-disco de música clásica. O autor do texto, [José Antonio Abad](#), achegouno ás melodías de [Modest Mussorgsky](#) e Xosé Cobas foi quen de plasmar en imaxes a cadencia das composicións no incomparable marco do Museo de San Petersburgo. Na mesma xornada na que a Asociación Galega de Editores, a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, e a Federación de Librerías de Galicia premiaban “Cadros dunha exposición”, o autor recibía o agarimo do público na clausura da XVI Campaña Municipal de Animación á Lectura “Contos para despois da chuva”. As ilustracións deste libro permanecen expostas na Galería Sargadelos de Santiago ata o vindeiro sábado 21 de maio, en horario comercial.

